

II XORNADA SOBRE VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO

9 de outubro

Salón de graos da Facultade de Filoloxía

VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO NO CATALÁN NOROCCIDENTAL: UNHA ANÁLISE DENDE A DIALECTOMETRÍA SOCIAL

ESTEVE VALLS I ALECHA (UNIVERSITAT INTERNACIONAL DE CATALUNYA)

Dende o traballo inaugural de Séguy (1971), a dialectometría sufriu unha gran diversificación técnica e mais temática, como se desprende das retrospectivas de Goebel (2006), Nerbonne e Kretzschmar (2013) ou Wieling e Nerbonne (2015). Porén, segue a haber un baleiro importante de traballos dialectométricos que aborden a análise do cambio lingüístico dende unha perspectiva social, como xa sinalou hai uns anos Woolhiser (2005), para quen a dialectometría «systematically ignores social variables». Co obxectivo de superar esta carencia, Wieling et al. (2011) propuxeron transitar cara a unha dialectometría social cuantitativa que reducise a distancia entre a dialectometría e a sociolingüística e analizase o impacto de diversas variábeis sociais no cambio lingüístico.

Neste traballo recórrese precisamente a un modelo de efectos mixtos para determinar a influencia, nos cambios estruturais sufridos polo catalán noroccidental estremeiro de Cataluña e Aragón ao longo de catro xeracións, de tres variábeis sociais relacionadas cos falantes —o ano de nacemento, o xénero e o nivel de estudos— e mais de cinco variábeis relacionadas coas localidades de enquisa, que inclúen doce capitais de comarca e doce aldeas destas mesmas comarcas —a pertenza a Cataluña ou Aragón, o número de habitantes, a idade media da poboación, os ingresos medios dos seus habitantes e o número relativo de camas turísticas. Ademais, explórarse unha posíbel correlación entre o grao de interferencia proveniente do castelán das variedades da Franxa e a evolución dos usos do catalán a partir de catro indicadores sociolingüísticos, e conclúese que canto maior é a porcentaxe de proxenitores de lingua inicial catalá que lles transmiten a lingua aos seus fillos, menor é o grao de hibridación da lingua entre os falantes más novos.

II XORNADA SOBRE VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO

9 de outubro

Salón de graos da Facultade de Filoloxía

Referencias bibliográficas

- Goebel, Hans. 2006. Recent Advances in Salzburg Dialectometry. *Literary and Linguistic Computing* 21, 411-435.
- Nerbonne, John e William A. Kretzschmar. 2013. Dialectometry++. *Literary and Linguistic Computing* 28(1), 2-12.
- Séguy, Jean. 1971. La relation entre la distance spatiale et la distance lexicale. *Revue de Linguistique Romane* 35(138), 334-357.
- Wieling, Martijn e John Nerbonne. 2015. Advances in Dialectometry. *Annual Review of Linguistics* 1(1), 243-264.
- Wieling, Martijn; Nerbonne, John e Harald Baayen. 2011. Quantitative Social Dialectology: Explaining Linguistic Variation Socially and Geographically. *PLoS ONE* 6(9).
- Woolhiser, Curt. 2005. Political borders and dialect divergence/convergence in Europe. En Peter Auer et al. (eds.), *Dialect Change. Convergence and divergence in European languages*. New York: Cambridge University Press. 236-262.